



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN : CONTRATACIÓN DO LOTE 2 “OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING” E DO LOTE 6 “SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS” INCLUÍDOS NA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). **TRAMITACIÓN DUN NOVO PROCEDEMENTO E APERTURA DE NOVO PRAZO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO LOTE 2 E LOTE 6. EXPTE. REF. 52-2017.**

Sendo as 12,10 horas do día 2 de abril de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica,
- dona Concepción Castro-Gil actuando en substitución do Interventor Xeral,
- dona Paulina Gamazo Medina, técnica de emprego e actuando como secretaria dona Ana Isabel Sáez Mancebo, técnica de administración xeral do Servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión o presidente da Mesa, informando que tódalas empresas presentadas foron admitidas á licitación; e procedendo a continuación á apertura dos sobres B) que conteñen a proposta técnica, relativa a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, co seguinte resultado:

- **G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS SL**, presenta oferta para o lote 2 OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING (2 edición) presenta un *dossier* no que se recolle o programa e a metodoloxía de traballo.
- **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**, presenta oferta para o lote 6 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1 edición), presenta un *dossier* no que presenta oferta co programa e a metodoloxía de traballo así como numerosa documentación.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO
XMCR/cbg
Refª: Acta apertura ofertas tecnicas B) lote 2 y 6
Asunto:

Os membros da mesa acordan enviar a documentación presentada a informe técnico da Axente de Desenvolvemento Local, con carácter previo á apertura do sobre C) que contén a oferta económica.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12,17 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Ana I. Sáez mANCEBO.